



## **RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2.013/14**

### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- Do **5 ó 17 de abril** de 2.013.
- Os **impresos de solicitude** (ANEXO II) poden ser recollidos na CONSERXERÍA do INSTITUTO en horario **de 9 a 14 horas, e pola tarde de luns a xoves de 16,30 a 19 horas**. Tamén se poden imprimir da páxina WEB da Consellería de Educación.
- **Presentaranse** na SECRETARÍA DO INSTITUTO **de 9,30 a 13,30 horas, e pola tarde os luns e xoves de 16,30 a 18,30 horas** (co ANEXO II débese adxuntar a **Fotocopia do DNI** do solicitante e **xustificante de estar matriculado actualmente** no curso que lle permita acceder á praza solicitada).

Cada solicitante **SÓ PODE PRESENTAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE** no centro no que solicite praza en primeiro lugar (que poderá conter ata seis centros por orde de preferencia). **O incumprimento deste punto determinará a perda dos dereitos de prioridade que podan corresponderlle.**

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, a o mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.



## DOCUMENTACIÓN PARA O BAREMO:

- Prazo de presentación: **do 22 de abril ó 3 de maio** (tamén se pode presentar ó mesmo tempo ca solicitude).
- **Certificado do padrón da unidade familiar**, que terá que coincidir co domicilio fiscal, no caso contrario, será baremada con 0 puntos. Aqueles que non teñan o domicilio familiar dentro da zona de influencia do centro pero si o traballo do pai/nai, este puntuaralle para o baremo (debidamente xustificado).
- O alumnado que **solicite praza para 1º de bacharelato**, presentará un certificado de notas de 3º de ESO, para baremar segundo a nota media ( Ben 0,5 – Not 1 e SOB 2 puntos.).
- No caso de ser **familia numerosa**, fotocopia do carné de familia numerosa e se teñen recoñecida **algunha minusvalía** pai, nai, irmáns ou solicitante, fotocopia do certificado de minusvalía.
- No caso de **familia monoparental**, fotocopia do libro de familia (ou calquera dos documentos que se especifican na orde que regula o proceso de admisión)
- Para a consideración de **irmáns no centro**, fotocopia completa do libro de familia.
- No caso de **proceder dun centro público**, certificado de estar matriculado no curso 2.012-13 (criterio complementario aprobado polo IES do Castro)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES DO CASTRO**

Rúa José Gómez Posada Curros 1 36211 Vigo  
Tlf. 986422974 Tel/ Fax. 986423063  
Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>

Correo electrónico: [ies.docastro@edu.xunta.es](mailto:ies.docastro@edu.xunta.es)



FONDO SOCIAL  
EUROPEO

## **PUBLICACIÓN DAS LISTAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS**

- Listas provisionais: **ata o 10 de maio de 2.013.**
- Prazo de reclamacións: **5 días hábiles** dende a publicación das listas provisionais.
- Listas definitivas: **antes do 31 de maio de 2.013.**

## **FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA**

**Do 25 de xuño ó 10 de xullo** (para saber os días de matrícula que corresponden a cada nivel educativo, consultar o calendario que publicará o centro).

**A Dirección do IES do Castro**